

Plan de Comunicación externa e interna da Escola Oficial de Idiomas da Coruña (2025–2028)

1. Introducción e xustificación

A comunicación é un elemento esencial na xestión eficaz de calquera centro educativo, especialmente nunha Escola Oficial de Idiomas con múltiples linguas, seccións e colectivos implicados. A diversidade do alumnado, a variedade de idiomas e a complexidade organizativa fan necesaria unha planificación sistemática das canles, procedementos e responsabilidades comunicativas.

O *Plan de Comunicación Interna e Externa da Escola Oficial de Idiomas da Coruña* pretende establecer un marco común de actuación que garanta a transmisión fluída, clara e transparente da información tanto dentro do centro como cara ao exterior, reforzando a cohesión interna, a eficacia organizativa e a imaxe institucional da EOI.

1.1. Contexto e finalidade do plan

A EOI da Coruña é un centro público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que imparte ensinanzas de idiomas en distintos niveis e modalidades, e conta con seccións noutros concellos. Esta estrutura complexa require mecanismos de comunicación eficaces que aseguren a coordinación entre todos os membros da comunidade educativa.

A finalidade principal do plan é organizar, sistematizar e optimizar os fluxos de información, tanto internos (entre dirección, profesorado, PAS e seccións) como externos (cara ao alumnado, familias, administracións e sociedade).

Con este plan preténdese:

- Establecer procedementos e canles comúns de comunicación.
- Promover a transparencia, a participación e a colaboración.
- Reforzar a presenza pública da EOI da Coruña.
- Garantir o acceso á información e a coherencia das mensaxes emitidas.

En definitiva, este documento funciona como unha guía de referencia para o conxunto da comunidade educativa e como un instrumento de mellora continua da organización do centro.

1.2. Marco normativo de referencia

O presente plan inspírase e adecúase á normativa vixente que regula a organización e funcionamento das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia, así como ás disposicións xerais sobre transparencia e comunicación institucional. En particular, tómase como referencia:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), e as súas modificacións pola LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro).
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece a ordenación e o currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial en Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula a organización e funcionamento das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións anuais de inicio de curso da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.
- Normativa vixente sobre protección de datos persoais (Lei orgánica 3/2018 e Regulamento UE 2016/679).
- Directrices da Xunta de Galicia en materia de identidade corporativa, comunicación institucional e uso de linguas cooficiais.

1.3. Alcance e destinatarios

O *Plan de Comunicación Interna e Externa da EOI da Coruña* abrangue todas as accións, procedementos e ferramentas que o centro utiliza para comunicar, tanto a nivel interno como externo.

O seu ámbito de aplicación inclúe:

- A sede central da EOI da Coruña e as seccións adscritas.
- O equipo directivo, profesorado e persoal de administración e servizos (PAS).
- O alumnado oficial, libre e antigo alumnado.
- As asociacións de alumnado, as institucións colaboradoras, os outros centros educativos, as administracións públicas e a contorna social e cultural da escola.

O plan está concebido como un documento vivo, revisable cada curso, que debe adaptarse ás necesidades comunicativas, tecnolóxicas e organizativas do centro.

2. Obxectivos xerais do plan

Mellorar a comunicación interna entre todos os membros da comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, PAS e alumnado).

Garantir a transparencia e a claridade na transmisión da información institucional e administrativa.

Optimizar o uso das ferramentas dixitais oficiais (Moodle, CentrosNET, correo corporativo, web, etc.) para unha xestión áxil e segura.

Reforzar a imaxe pública da EOI da Coruña, promovendo unha comunicación coherente e de calidade.

Favorecer a participación activa do profesorado, PAS e alumnado nas actividades e na vida do centro.

Promover unha cultura comunicativa baseada no respecto, na colaboración e na igualdade.

Difundir a actividade educativa, cultural e innovadora do centro na súa contorna e nos medios de comunicación.

Fomentar a identidade e cohesión das distintas seccións da EOI da Coruña a través de canles e accións comúns.

Avaliar periodicamente a eficacia da comunicación, identificando boas prácticas e áreas de mellora.

3. Plan de comunicación interna

A comunicación interna constitúe a base do funcionamento eficaz da Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Permite coordinar o traballo entre os diferentes órganos, facilitar a toma de decisións e garantir a transparencia.

3.1. Obxectivos específicos

A comunicación interna persegue os seguintes obxectivos concretos:

Mellorar a coordinación organizativa entre equipo directivo, seccións, departamentos, coordinacións e PAS.

Garantir a transmisión de información veraz, clara e actualizada, reducindo duplicidades e erros.

Unificar canles e procedementos de comunicación para evitar confusións.

Centralizar a documentación institucional en formato dixital accesible e seguro.

Favorecer a participación e a corresponsabilidade de todo o persoal nas dinámicas do centro.

Optimizar o uso das ferramentas dixitais oficiais.

3.2. Público destinatario

O Plan de Comunicación Interna está dirixido a todos os integrantes do persoal da EOI da Coruña, incluíndo:

Equipo directivo.

Xefaturas de seccións.

Persoal docente.

Persoal de administración e servizos (PAS).

Alumnado delegado e representante do Consello escolar.

3.3. Canles e ferramentas de comunicación

A comunicación interna desenvolverase a través das seguintes canles oficiais e operativas, garantíndose sempre a protección de datos e a confidencialidade da información:

- Correo electrónico corporativo (@edu.xunta.gal)
- Aula Virtual (Moodle): Utilizada como repositorio de materiais comúns, actividades formativas e coordinación docente.
- Webex e BigBlueBotton (Moodle): Ferramentas para reunións e formación en liña.
- Reunións presenciais e circulares da dirección.
- Teléfono e comunicación directa.

3.4. Tipos de contidos internos

Os contidos obxecto da comunicación interna abranguen:

- Información organizativa: Horarios, substitucións, baixas, permisos, prazos de matrícula, convocatorias e calendarios.
- Información pedagóxica: Actas, programacións, probas, rúbricas, adaptacións, tarefas e materiais didácticos.

- Información administrativa: Documentos de xestión, inventario, orzamentos, normativa interna e protocolos.
- Formación e innovación: Actividades de PFPP, proxectos europeos, grupos de traballo e boas prácticas docentes.
- Comunicación institucional interna: Circulares da dirección, acordos de claustro, CCP e Consello Escolar, ou difusión de resolucións oficiais.

O ton comunicativo será sempre profesional, claro e respectuoso, adaptándose á natureza da mensaxe.

4. Plan de comunicación externa

A comunicación externa é fundamental para proxectar a Escola Oficial de Idiomas da Coruña e manter un vínculo constante coa súa contorna educativa e social. Permite informar con claridade e dar visibilidade á actividade do centro e reforzar o seu papel como servizo público de ensino de linguas de calidade.

4.1. Obxectivos específicos

A comunicación externa persegue os seguintes obxectivos concretos:

- Reforzar a imaxe da EOI da Coruña como centro público de referencia.
- Garantir unha información veraz, clara e actualizada para o alumnado e a cidadanía.
- Difundir a oferta educativa, os servizos e as actividades do centro.
- Promover a participación do alumnado.
- Establecer canles de relación directa con outras institucións, centros e medios de comunicación.

4.2. Público destinatario

O Plan de Comunicación Externa está dirixido a todas as persoas e entidades que manteñen relación coa EOI da Coruña, incluíndo:

- Alumnado oficial, libre e antigo alumnado.
- Asociacións de alumnado.
- Outros centros educativos e universidades.
- Administracións educativas e locais.
- Institucións culturais e sociais da contorna.
- Medios de comunicación e público en xeral.

4.3. Canles e ferramentas de comunicación

A comunicación externa desenvolverase a través das seguintes canles oficiais e verificadas, garantindo sempre o uso responsable e a protección de datos:

- Páxina web oficial da EOI da Coruña: Principal canle de información pública e clara, actualizada de forma regular con novas, calendario, matrícula, trámites, exames e actividades.
- Correo electrónico corporativo.
- CentrosNet: Canle oficial para matrícula, cualificacións e comunicación académica co alumnado.
- Aula Virtual (Moodle): Empregada para a comunicación co alumnado oficial e difusión de materiais didácticos.
- Redes sociais: Orientadas á difusión de información básica e clara, de axenda de actividades culturais e novas de interese.
- Webex e BigBlueBotton (Moodle): Ferramentas para reunións virtuais, presentacións e eventos en liña con alumnado ou entidades externas.
- Taboleiros físicos e pantallas informativas: Para avisos, horarios, convocatorias e comunicación directa co alumnado, respectando as zonas asignadas a cada colectivo.
- Medios de comunicación e institucións colaboradoras: Difusión de notas de prensa, entrevistas e colaboracións con entidades locais.

4.4. Tipos de contidos externos

Os contidos que se difunden a través da comunicación externa abranguen:

- Información pública: Oferta educativa, calendario académico, procesos de matrícula, trámites, exames, protocolos e servizos.
- Actividades e proxectos: Actividades culturais, programas europeos, xornadas e colaboracións con outras institucións.
- Información restrinxida ao alumnado: Convocatorias, cualificacións, materiais docentes e comunicación personalizada a través das plataformas oficiais.
- Información institucional: Publicación de documentos oficiais (proxectos, memorias, resolucións e informes).

5. Avaliación e mellora continua

A avaliación do Plan de Comunicación ten como finalidade comprobar a súa eficacia, detectar puntos fortes e debilidades e introducir melloras que garantan a

súa adaptación ás necesidades reais do centro. Trátase dun proceso continuo, participativo e orientado á calidade, que debe implicar todos os sectores da comunidade educativa.

5.1. Indicadores de seguimento

Para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e a efectividade das accións, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Nivel de participación do profesorado, PAS e alumnado nas canles de comunicación interna.
- Frecuencia e regularidade na actualización da páxina web e das redes sociais.
- Tempo de resposta ás consultas internas e externas.
- Número e calidade das comunicacións emitidas (circulares, correos, publicacións, avisos).
- Uso efectivo das ferramentas oficiais (correo, Moodle, Webex, CentrosNet).
- Valoración do persoal e do alumnado nas enquisas de satisfacción.
- Identificación de incidencias.

Estes indicadores permitirán elaborar un informe obxectivo sobre o funcionamento do plan e orientar a toma de decisións futuras.

5.2. Procedemento de avaliación

A avaliación realizarase de maneira sistemática seguindo estas fases:

Recollida e análise de datos: A través de observación directa, rexistro de actividades, enquisas anónimas e revisión das canles dixitais.

Toma de decisións: A partir das conclusións da avaliación, proporanse medidas correctoras e axustes nas canles, contidos ou responsabilidades.

A avaliación terá un carácter formativo e mellorativo e procurará fomentar a participación e o compromiso de todo o persoal.

5.3. Revisión e actualización anual

O Plan de Comunicación será revisado e actualizado cada curso académico, coincidindo co proceso de avaliación final do centro.

As tarefas de revisión incluirán:

- Incorporación das propostas de mellora formuladas polo persoal e polos órganos colexiados.
- Adaptación do plan ás novas instrucións da Consellería ou aos cambios tecnolóxicos e organizativos.

A versión revisada do plan será aprobada polo Consello Escolar, quedando incorporada á documentación institucional da EOI da Coruña.

Guía de estilo

- Os contidos redactaranse en galego ou nas linguas de cada departamento nun ton neutro e profesional, buscando a claridade na mensaxe e a facilidade de uso.
- Procurarase manter a homoxeneidade en tipografías e tamaños de letra, respectando os modelos elaborados para cada propósito, e evitando sobrecargar a web e os distintos documentos con elementos innecesarios.
- Empregaranse os elementos de identidade corporativa actualizados: logos, encabezamentos, etc.
- As redes sociais que se empreguen, tanto as xerais da escola como as que poidan crear os distintos departamentos ou seccións, seguirán tamén estas recomendacións, mantendo sempre o fin informativo das mesmas.

Esta Plan de Comunicación foi revisado polo Claustro en xaneiro de 2026 e aprobado polo Consello escolar o 20 de febreiro de 2026.